

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE OUTUBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteito de outubro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteún de outubro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación do Xulgado do Contencioso nº2 de Ourense, con data RE 23 de outubro de 2013 N° RE 5240, relativa a firmeza do procedemento de execución de títulos xudiciais 028/2013.
2. Comunicación do Xulgado do Contencios nº2 de Ourense, con data RE 23 de outubro de 2013 N° RE 5244, relativa a pago de sentenza no procedemnto de execución definitiva 017/2013 D.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda dada a difícil situación económica do concello, que se procederá a pagar a cantidade de 1.000 euros mensuais, ata a satisfacción total da débeda.



3. Comunicación da Confederación Hidrográfica do Miño Sil, con data RE 23 de outubro de 2013 N° RE 5242, relativa a extinción de dereito a aproveitamento de manantial, no lugar de Maquiáns.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

DACION DE CONTAS DE INFORME XURÍDICO EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE RIB N/70/13.-

Dase conta polo secretario do informe xuridico de data 28 de outubro de 2013.

a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adoptar como criterio a solicitude de licencia de primeira ocupación para entender que as obras están rematadas no caso concreto.

APROBACION DE PRESUPOSTO PARA CONTRATO DE ASISTENCIA E COLABORACION EN MATERIA DE INSPECCION TRIBUTARIA.-

Visto o escrito presentado pola empresa Asesoramiento Tributario Local S.L., relativo a realización de traballos de asistencia e colaboración na comprobación e inspección da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais a prol de empresas explotadoras do servizo de subministrados o Concello de Ribadavia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, visto a metodoloxía do traballo e a proposta económica ofertada, acorda:

1º. Aceptar a proposta presentada cos condicionantes fixados na mesma e fixándose como prezo do servizo o 13,23% máis I.V.E. sobre a débeda descuberta e efectivamente ingresada nas arcas municipais, aínda que se establece que o límite máximo da cuantía a percibir será o establecido para os dos contratos menores, do artigo 138.3 do TR 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o TRLCSP.

2º.- Notificar o presente acordo a empresa Asesoramiento Tributario Local S.L.

APROBACION DO PADRON DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DAS BEIRARRUAS E AS RESERVAS DE VIA PUBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA E DESCARGA DE MERCANCIAS DE CALQUERA CLASE.-

A Xunta de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Padron da Taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, exercicio 2013, por importe de 10.571 euros. Así mesmo acordase establecer como período de cobro entre os días 1 de novembro de 2013 e o 30 de decembro de 2013.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



